

inmediatas para que, sen prexuízo do posterior nomeamento do novo titular do centro directivo, se asegure o correcto funcionamento do servizo e a resolución, se é o caso, dos asuntos encomendados á devandita secretaría xeral.

Por todo iso, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-O desenvolvemento das accións e o exercicio das competencias propias da Secretaría Xeral da Presidencia, que figuran no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polos decretos 145/2007, do 19 de xullo e 211/2008, do 11 de setembro e outras que lle fosen expresamente delegadas, quédanlle encomendadas temporalmente e ata que se produza o nomeamento do seu titular á secretaria xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 2 de marzo de 2009 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumíuse polo Decre-

to 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, tendo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asignadas as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, dispón na súa disposición transitoria que os colexios profesionais que estivesen constituídos no momento da entrada en vigor desta lei adaptarán os seus estatutos a ela.

Dando cumprimento a esta disposición, o Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo acordou en asemblea extraordinaria, realizada o día 5 de abril de 2008, a aprobación da modificación dos seus estatutos. Posteriormente foron comunicados o día 9 de decembro de 2008 a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, despois da cualificación de legalidade, tal como dispón o artigo 18.1º da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo, que figuran como anexo a esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de marzo de dous mil nove.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

**Estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos
e Estomatólogos de Lugo**

TÍTULO I

SOBRE O COLEXIO E AS SÚAS RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-Definición.

O Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo, -desde este momento, colexio- está integrado polos profesionais da clase odontoestomatolóxica con exercicio na provincia de Lugo, é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica, que goza de plena capacidade de obrar.

Artigo 2º.-Réxime xurídico.

O funcionamento e o réxime xurídico do colexio, no ámbito da súa competencia, rexeráse pola Lei de colexios profesionais, tanto estatal como autonómica, estes estatutos e subsidiariamente os do Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España.

Tamén subsidiariamente, será aplicable a Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3º.-Colexición.

O colexio, dentro do ámbito da súa competencia, será a única organización que encadre obrigatoriamente a todos os profesionais da clase referida no artigo primeiro.

Artigo 4º.-Principios.

Rexerán a actuación de todos os órganos do colexio os principios de independencia, representatividade, actuación democrática e seguridade xurídica.

CAPÍTULO II

RELACIONS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Artigo 5º.-Relación coa Administración pública.

O colexio nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos relacionarase coa administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de colexios profesionais e nas cuestións referentes ao contido de cada profesión a través da consellería ou consellerías competentes.

Artigo 6º.-Relación con organismos colexiais.

Así mesmo, estará representado no Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos da Comunidade Galega, calquera que sexa a denominación que adopte a partir da creación deste. Relacionarase coas demais organizacións colexiais.

Artigo 7º.-Consello Xeral.

O colexio estará integrado igualmente no Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España, no cal participará plenamente.

TÍTULO II

DENOMINACIÓN, DOMICILIO, TERRITORIALIDADE E FINS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo 8º.-Denominación.

O colexio denomínase Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo, con competencia na demarcación xeográfica da provincia de Lugo.

Artigo 9º.-Tratamento.

O colexio, terá o tratamento de ilustre e o seu presidente o de ilustrísimo.

Artigo 10º.-Domicilio.

O colexio establece a súa sede na cidade de Lugo, rúa Cidade de Viveiro, nº 12, entreplanta (27002) Lugo. Poderá ser modificado por medio da modificación destes estatutos.

Artigo 11º.-Escudo.

Toda a documentación colexial utilizará o escudo oficial do colexio. Logo de autorización da Xunta Directiva, os colexiados poderán usar na súa documentación profesional o devandito escudo.

O escudo estará constituído pola Cruz de Malta, en cor marrón, con bordo branco, sobre un áspide, marrón, entrelazado a un instrumento plástico de cor branca, e todo iso sobre unha coroa de loureiro de cor verde, cunha cinta marrón. A Cruz de Malta leva no centro un escudo branco atravesado de esquina superior esquerda a inferior dereita por franxa azul celeste. O aspa esquerda da cruz leva a inscrición Ilust. Colexio Oficial; a superior Odontólogos; a esquerda Estomatólogos; e a inferior Lugo.

CAPÍTULO II

COMPETENCIA DO COLEXIO

Artigo 12º.-Fins.

Son fins específicos do colexio os seguintes:

1. Unir as actividades dos profesionais en servizo dos altos intereses da comunidade autónoma e do Estado.
2. Representar legalmente o colectivo odontoestomatolóxico dentro da súa demarcación e os órganos de que forma parte. Así mesmo, poderá levar a representación individual de calquera dos seus colexiados.
3. Manter a disciplina e ética dos colexiados, a cooperación entre eles, facendo observar os principios deontolóxicos e ético-sociais da profesión, a súa dignidade e prestixio. Poderá elaborar os códigos e regulamentos necesarios para tal fin.
4. Amparar e defender os dereitos e o prestixio profesional dos colexiados en xeral, ou de calquera dos seus grupos ou individuos en particular, cando for mester.
5. Promover actuacións de todo tipo orientadas a perfeccionar o exercicio da profesión odontoestomatolóxica dos seus colexiados e a elevar o seu nivel moral, cultural, social, científico e material.
6. Crear, soste e fomentar obras de previsión, crédito, consumo, aseguramento e calquera outra, nos seus diversos aspectos, xa sexa con carácter obrigatorio ou voluntario. Promover, colaborar ou participar en mecanismos ou institucións de protección social dos colexiados, xubilados, doentes, inválidos, viúvas e orfos colexiais ou doutras profesións afíns.
7. Manter unha relación constante e activa coa universidade, para recibir e proporcionar orientacións actuais e útiles, e para o coñecemento das

características desexables para os novos profesionais.

8. Propoñer ás autoridades competentes as medidas necesarias para obter o maior perfeccionamento do sistema asistencial, tanto privado como público, promovendo e fomentando toda iniciativa que teña por obxecto a súa mellor eficacia.

9. Estudar, e emitir informe cando sexa requirido, sobre todas as cuestións que afecten a tributación e o exercicio dos seus Colexiados, representándoos corporativamente ante os organismos administrativos e fiscais de toda orde; organizar, se procedese, de acordo coa lexislación vixente.

10. Denunciar e perseguir a intrusión profesional, acudindo ante as autoridades gobernativas, xudiciais e sanitarias.

11. Prestar o auxilio pertinente ás autoridades, emitindo os informes técnicos e profesionais que se lle soliciten.

12. Organizar os servizos estatísticos necesarios aos fins da organización Colexial.

13. Colaborar cos organismos competentes para establecer as condicións de exercicio profesional nas distintas modalidades ou especialidades odontostomatolóxicas, regulando e impondo as condicións de prestación de servizos que sexan de obrigado acatamento, garantindo o respecto e a observancia das normas reguladoras de traballo en todos os seus aspectos.

14. Intervir informando os organismos pertinentes, en todas as disposicións oficiais que afecten, na nosa comunidade, a profesión que encadra.

15. Establecer o réxime económico do Colexio e todos os órganos que cre.

16. Levar o censo de profesionais e rexistro de títulos.

17. Exercer a xurisdición disciplinaria, conforme as disposicións establecidas neste estatuto.

18. Editar as publicacións necesarias para información xeral e científica de todos os Colexiados, así como circulares e cursos que sexan precisos.

19. Organizar os servizos de asesoramento xurídico, e de calquera orde en xeral, que se consideren convenientes.

20. Fomentar actos de tipo cultural e científico.

21. Intervir e ditar laudos que se coiden procedentes dos conflitos derivados da actividade profesional entre Colexiados, entre eles e os seus pacientes ou as administracións, cando sexa solicitada e aceptada a súa intervención.

TÍTULO III

ORGANIZACIÓN COLEXIAL

CAPÍTULO I

ORGANISMOS COLEXIAIS

Artigo 13º.-*Órganos do Colexio.*

O Colexio constitúese nos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral de Colexiados.
- b) A Xunta Directiva do Colexio.
- c) O presidente do Colexio.

Artigo 14º.-*Seccións.*

Poderanse crear cantas seccións se consideren pertinentes para a boa marcha e goberno e desenvolvemento dos fins concretos do Colexio, adscribíndose a estas aqueles Colexiados que se coiden necesarios.

No caso de que a Xunta Directiva o considerase necesario poderá contratar un secretario xeral técnico, que dependerá directamente do secretario e presidente do Colexio, e que dirixirá a oficina Colexial e terá as competencias que lle sexan asignadas pola Xunta Directiva, e a Asesoría Xurídica, que se ocupará do asesoramento en dereito.

CAPÍTULO II

COMPOSICIÓN DOS ORGANISMOS

Artigo 15º.-*Asemblea Xeral.*

A Asemblea Xeral estará formada por todos os Colexiados, e será o órgano máximo de decisión da organización.

Artigo 16º.-*Xunta Directiva.*

1. A Xunta Directiva constituirase en pleno e en comisión permanente.

2. A Xunta Directiva do Colexio representará o Colexio e os Colexiados en todos os actos e organismos oficiais, exercendo as funcións corporativas da súa xurisdición con todos os dereitos e obrigacións que deriven das disposicións en vigor antes referidas, adoptando cantas medidas sexan precisas, ditando os regulamentos que se consideren pertinentes, logo de ratificación pola Asemblea Xeral, para asegurar e lograr o cumprimento dos seus fins.

3. Os membros da Xunta Directiva, unha vez elixidos, exercerán os cargos para os que foron nomeados, durante catro anos, e poderán ser reelixidos.

4. Serán elixidos de acordo ao procedemento que establecen estes estatutos.

Artigo 17º.-*Pleno.*

O Pleno da Xunta Directiva estará constituído polo presidente, o vicepresidente, o secretario, o tesoureiro-contador e tres vogais.

Artigo 18º.-Comisión Permanente.

A Comisión Permanente estará formada polo presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro-contador.

CAPÍTULO III
DAS ELECCIÓNS

Artigo 19º.-Condicións.

Serán condicións para ser elixidos como cargos da Xunta Directiva:

a) Ser español, quedando a salvo o que atendendo a criterios de reciprocidade poida establecerse por lei, por tratado internacional ou por norma de dereito comunitario europeo e sen prexuízo dos dereitos dos cidadáns da Unión Europea

b) Estar colexiado neste colexio.

c) Acharse no exercicio da profesión.

d) Astar ao día de todas as obrigas corporativas.

e) Non estar afectado por prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria.

f) Non estar sometido a expediente disciplinario.

En todo caso exixiranse, en especial os seguintes requisitos:

a) Para ser presidente e vicepresidente da Xunta Directiva, levar un mínimo de oito anos no exercicio profesional e colexiación neste colexio.

b) Para ser secretario catro anos de iguais condicións.

c) Para os demais cargos bastará cun ano de exercicio profesional e colexiación neste colexio.

Artigo 20º.-Candidaturas.

a) As candidaturas poderanse presentar individuais a cada cargo concreto ou por listas a todos ou algúns cargos, sempre avaladas por un dez por cento do censo colexial, e formalizadas por escrito dentro do prazo sinalado na convocatoria.

b) O censo exixido segundo o parágrafo anterior, referirase á totalidade do censo do colexio, cando a elección se refira á Xunta Directiva do colexio.

c) Ningún candidato poderá presentarse a máis dun cargo na mesma convocatoria.

Artigo 21º.-Eleccións.

A elección será directa, entre todos os colexiados inscritos no colexio que resulten candidatos.

Artigo 22º.-Convocatoria.

A convocatoria para eleccións a membros da Xunta Directiva do colexio corresponderá ao Pleno da Xunta Directiva do colexio; sinalaranse na convocatoria os prazos para a presentación das candidaturas e establecerase un prazo non inferior a vinte días contados desde a publicación da convocatoria fixando a data para efectuar a votación e a forma do pro-

ceso electoral que deberá concluír no prazo máximo de dous meses desde o peche presentación de candidaturas. A mesma convocatoria designará, ademais, a mesa electoral, que terá a misión de levar a cabo todo o proceso electoral, vixiando o exacto cumprimento dos prazos e requisitos previstos, resolvendo cantos recursos se presenten, subscribindo as actas necesarias que, ao terminar o proceso electoral, serán depositadas na secretaría do colexio para formar parte da documentación colexial, baixo custodia do secretario.

Convocadas eleccións, os compoñentes da Xunta Directiva convocante, seguirán dirixindo o colexio -en funcións- ata a toma de posesión da xunta que resulte elixida no proceso electoral que se inicia.

Artigo 23º.-Mesa electoral.

A mesa electoral constituirase o día e a hora que sinala a convocatoria, e estará constituída por un presidente, que será un membro da Xunta Directiva non candidato, e por dous colexiados exercentes, como vogais, que serán os dous de máis recente incorporación, así como o secretario da Xunta Directiva, se tampouco fose candidato, ou outro membro dela, se é o caso. Nomearanse, así mesmo, os suplentes da respectiva mesa.

Se non houbese membros non candidatos da Xunta Directiva que non puidesen ser nomeados presidente e secretario para constituír a mesa na forma establecida no punto anterior, nomearanse como presidente e/ou secretario os colexiados exercentes de maior idade que designe a Xunta Directiva.

Os membros da mesa electoral non poderán ser candidatos nesas eleccións.

A mesa electoral redactará acta da aceptación do seu cargo e de cada unha das súas reunións ata que estas conclúan, proclamando os elixidos.

Artigo 24º.-Proclamación de candidatos.

Ao día seguinte da expiración do prazo para presentar candidaturas, reunida a mesa electoral, proclamará a relación dos candidatos que reúnan as condicións de elixibilidade, e redactará acta en que constarán, motivadamente, as causas de exclusión de candidato. Se existise un só candidato válido para un cargo será proclamado electo sen máis. A lista publicarase no taboleiro de anuncios do colexio.

No mesmo día, ou ao seguinte da publicación das candidaturas proclamadas no taboleiro de anuncios, os candidatos que non fosen aceptados poderán presentar escrito de alegacións impugnando a súa exclusión, solicitando a modificación do acordo e a súa admisión como candidatos; a mesa electoral resolverá no prazo dos dous días seguintes, inseríndoos na lista, se a resolución fose favorable, ou denegándoo definitivamente, sen prexuízo de que os afectados poidan interpoñer os recursos establecidos nestes estatutos.

Aprobadas as candidaturas, os admitidos poderán designar, mediante escrito dirixido á mesa, intervenor para a elección, quen terá dereito a participar, unha vez aceptado o nomeamento, en todos os actos electorais, presentando as reclamacións, recursos e alegacións que considere pertinentes, e asinando as actas que se redacten.

Artigo 25º.-Propaganda electoral.

Os candidatos poderán realizar as actividades e propaganda electoral que coiden pertinentes, sempre que non supoñan descrédito ou falta de respecto persoal aos demais candidatos, ou atente directamente contra estes estatutos, os do consello, ou o código deontolóxico profesional. O quebrantamento desta obriga motivará a súa exclusión como candidato, oída a comisión deontolóxica do colexio. O acordo de exclusión poderá ser impugnado na mesma forma expresada no artigo 25º. A mesa electoral, con cargo ao colexio, será a encargada de emitir as papeletas electorais e sobres para o voto tanto directo como por correo, únicas válidas para o proceso electoral.

As papeletas serán iguais, e conterán os nomes e apelidos de todos os candidatos, ben incluídos en listas, ben individualmente, con indicación do cargo a que se presentan.

Artigo 26º.-Votación.

O acto electoral celebrarase o día e o lugar sinalados na convocatoria e desenvolverase desde as 10.00 da mañá ás 13.00 horas. O voto non será delegado.

Terase en conta:

1. O voto poderá ser emitido persoalmente, o día da elección, ou por correo certificado mediante as papeletas na forma dita no artigo anterior.

2. No suposto de voto por correo, o colexiado que desexa utilizar este procedemento deberá solicitalo persoalmente na secretaría do colexio ou por escrito, utilizando para exercer o seu dereito a votar a papeleta oficial facilitada pola Xunta de Goberno. Esta papeleta, convenientemente dobrada, introducirase no sobre tamén oficial facilitados ambos polo colexio, sen ningunha outra anotación. O sobre así pechado co voto no interior introducirase, pola súa vez, noutro de maior tamaño no cal se xuntará escrito asinado polo colexiado dirixido á mesa electoral en que exprese o seu desexo de emitir o voto por correo, acompañado de fotocopia do seu documento nacional de identidade ou do carné colexial, enviándose por correo certificado con xustificante de recepción, facendo constar no sobre pola súa parte exterior contén voto para a elección da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo. Este sobre terá entrada na secretaría do colexio con corenta e oito horas, como mínimo, de antelación ao comezo da votación, rexistrándose de entrada no libro correspondente, sendo entregados ao secretario da mesa electoral, quen

custodiará os sobres, sen abrilos, para poñelos á disposición da mesa no momento de iniciarse a votación en que se procederá á súa apertura e a depositar os votos na urna ao remate da elección individual. Os sobres que cheguen á secretaría do colexio logo de finalizado o prazo indicado serán destruídos sen abrilos, facendo constar na acta a incidencia con todo detalle.

3. A tal fin, a Xunta de Goberno en funcións porá á disposición dos colexiados impreso de solicitude de voto por correo, papeletas para a votación coas distintas candidaturas, e sobre para a remisión do voto por correo, que serán entregadas ou enviadas aos colexiados que as soliciten.

4. Á hora e lugar previsto para a votación a mesa electoral instalará unha urna, e nun lugar onde se asegure a intimidade da votación, dispoñeranse as papeletas oficiais que serán utilizadas polos votantes, que as introducirán persoalmente na urna, logo de identificarse ante a mesa.

5. A mesa resolverá cantas incidencias sucedan durante a celebración do acto.

6. O voto persoal anulará o emitido por correo, polo que a mesa electoral comprobará na listaxe de colexiados tal circunstancia previamente a introducir os votos por correo.

7. Finalizada a votación procederase seguidamente ao escrutinio dos votos emitidos. Declararanse nulas as papeletas que conteñan expresións alleas á votación, ou veñan riscadas ou emendadas, ou vote por persoa non candidata. Igualmente aquelas que sexan distintas ás editadas pola mesa electoral. En ningún caso se poderá anular parcialmente unha papeleta.

8. Do desenvolvemento da votación e o resultado do escrutinio redactarase acta que será asinada por todos os membros da mesa e os interventores que estean presentes no escrutinio. Unha copia exporase no taboleiro de anuncios do colexio.

9. De se producir empate a votos para calquera dos cargos da Xunta Directiva, resolverase en favor do colexiado de maior antigüidade.

10. Dentro das corenta e oito horas seguintes á proclamación de elixidos, poderase, por escrito, impugnar a totalidade do acto electivo ou solicitar as correccións de erros cometidos. A mesa electoral resolverá no prazo dos dous días seguintes a impugnación accedendo ou denegando o solicitado. No primeiro caso poderá invalidarse, se proceder, a elección, convocándoa novamente dentro dos quince días seguintes, ou realizando en todo caso as correccións que non afecten o fondo da elección.

En caso de denegación da impugnación os recorrentes poderán utilizar os recursos na forma establecida nestes estatutos.

11. Transcorridos os prazos previstos sen impugnación ou resultos definitivamente pola mesa electoral os

recursos interpostos resolvendo definitivamente a elección, a Xunta Directiva expedirá os correspondentes nomeamentos a aqueles que obteñan a maioría de votos, comunicándoos ao Consello Xeral, á Comunidade Autónoma, e ao Consello de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia, se estiver creado.

12. Contra a resolución definitiva da mesa electoral poderanse interpoñer os recursos establecidos nestes estatutos e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do procedemento administrativo común. A interposición dos recursos non paralizará a toma de posesión da nova Xunta Directiva electa, e o cesamento da Xunta en funcións.

CAPÍTULO IV

TOMA DE POSESIÓN E CESAMENTO

Artigo 27º.-*Toma de posesión.*

Dentro dos trinta días desde a elección, a nova Xunta Directiva tomará posesión, e redactarase a correspondente acta, que asinarán os membros sañtes e os entrantes.

Artigo 28º.-*Cesamento.*

Os cargos da Xunta Directiva cesarán polas causas seguintes:

- a) Expiración do prazo para o que foron elixidos.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Nomeamento para un cargo do Goberno central ou autonómico, ou das distintas administracións públicas, sexa central, autonómica, local ou institucional.
- d) Condena por sentenza firme que leve aparelhada inhabilitación para cargos públicos.
- e) Sanción disciplinaria por falta grave ou moi grave imposta polo colexio en virtude do correspondente expediente.
- f) Perda da condición da elixibilidade de acordo con estes estatutos.
- g) Baixa por enfermidade incapacitante por tempo superior a seis meses.
- h) Por falecemento de calquera membro.

Artigo 29º.-*Vacantes.*

No suposto de producirse o cesamento de calquera dos cargos directivos na forma dita no artigo anterior, observarase o seguinte:

1. O presidente será substituído polo vicepresidente, quen desempeñará o cargo ata novo nomeamento. O secretario polo vogal máis novo da xunta, e o tesoureiro polo de maior idade dos vogais.

2. Inmediatamente convocaranse eleccións para cubrir o cargo, polo tempo que reste ata a próxima elección, na forma establecida nos artigos precedentes, se quedase máis da metade do período de mandato. Se pola brevidade do período que quede ata a nova elección estatutaria se entendese innecesario produ-

cir un proceso electoral, así o acordará a Xunta de Goberno, en resolución motivada que deberá ser ratificada na primeira Xunta Xeral que se celebre.

3. De se producir o cesamento da metade máis un dos membros da Xunta de Goberno, deberanse convocar eleccións xerais polo período de tempo que reste ata as eleccións estatutarias.

TÍTULO IV

SOBRE A ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIAIS

CAPÍTULO I

AS REUNIÓN

Artigo 30º.-*Pleno.*

O Pleno da Xunta Directiva deberá reunirse ordinariamente catro veces ao ano e extraordinariamente cando o solicite, polo menos un terzo dos seus membros, ou sempre que as circunstancias o aconsellen, a xuízo da Comisión Permanente ou do presidente.

Para que o Pleno poida celebrarse validamente, será necesario que concorran, en primeira convocatoria, a metade máis un dos membros que o forman. En segunda convocatoria, que se citará para media hora máis tarde no mesmo lugar e na mesma convocatoria, serán válidos os acordos calquera que fose o número dos asistentes.

As convocatorias efectuaraas o secretario, por escrito, con catro días de antelación, logo de mandato do presidente; sinalará día e hora para a reunión, en primeira e segunda convocatoria, a orde do día e lugar en que terá lugar.

Durante a sesión plenaria, soamente se poderán tratar os asuntos que figuren na orde do día. Para a validez dos acordos necesitarase a maioría simple dos asistentes; en caso de empate decidirá o voto do presidente.

Será obrigatoria a asistencia dos membros da Xunta Directiva ás reunións, constituíndo falta grave, que levará consigo como sanción o cesamento no cargo, a non asistencia, sen xustificar, de tres reunións consecutivas.

Artigo 31º.-*Comisión Permanente.*

A Comisión Permanente deberá reunirse ordinariamente unha vez ao mes ou cada vez que o coide conveniente o presidente ou dous membros dela.

A reunión convocaraa por escrito o secretario, por orde da Presidencia, fixando a orde do día, o día e a hora para a reunión, na primeira e segunda convocatoria, figurando como último punto a rolda de intervención libres.

As convocatorias efectuaraas o secretario, por escrito, con catro días de antelación, logo de mandato do presidente, sinalando o día e a hora para a reunión, en primeira e segunda convocatoria, a orde do día e o lugar da reunión.

Durante a sesión, soamente se poderán tratar os asuntos que figuren na orde do día, salvo aqueles que os asistentes á reunión, ou por proposta do presidente, se consideren de interese e urxencia suficientes. Para a validez dos acordos necesitarase a maioría simple dos asistentes, decidindo o voto do presidente en caso de empate.

A asistencia dos membros ás reunións será obrigatoria, considerándose falta grave con sanción de cesamento no cargo, a falta de asistencia, sen xustificación, a tres reunións consecutivas.

Artigo 32º.-*Asemblea Xeral.*

A Asemblea Xeral celebrarase ordinariamente unha vez ao ano ou extraordinariamente cando o solicite, por escrito, un vinte por cento dos colexiados, ou cando as circunstancias o aconsellen a xuízo do presidente, a Xunta de Goberno ou a Comisión Permanente.

Para que a Asemblea se poida celebrar validamente, será necesaria, en primeira convocatoria, a metade máis un do censo colexial; en segunda convocatoria, que se convocará media hora despois no mesmo local, bastará con calquera que for o número dos asistentes, serán válidas as resolucións e acordos.

A convocatoria faraa por escrito o secretario, co visto e prace do presidente, e conterà o día, a hora e o lugar para a reunión, fixando as correspondentes á primeira e á segunda convocatoria e a orde do día, en que, figurará como último punto rolda de intervencións libres. A convocatoria será remitida con oito días de antelación como mínimo, aos colexiados, salvo que se trate dunha reunión acordada con carácter de urxencia, que bastará con corenta e oito horas.

Na Asemblea trataranse unicamente os temas que figuren na orde do día, sen prexuízo de que, no último capítulo, se encomende á Xunta Directiva e/ou á Comisión Permanente o estudo daqueles que se consideren necesarios.

Para a validez dos acordos será necesaria a maioría simple dos asistentes; en caso de empate decidirá o voto do presidente.

Artigo 33º.-*Libro de actas.*

De cada reunión que celebren tanto a Asemblea Xeral como a Xunta Directiva, sexa en Pleno ou en Comisión Permanente, redactarase a correspondente acta, que será transcrita nun libro que, con tal fin, existirá na secretaría e será custodiado polo secretario e que, previamente, estará debidamente legalizado polo xulgado.

CAPÍTULO II

COMPETENCIA DOS ÓRGANOS COLEXIAIS

Artigo 34º.-*Asemblea Xeral.*

A Asemblea Xeral será a competente para:

a) Aprobar, se procede, a memoria e actuación da Xunta de Goberno, da que dará lectura o secretario.

b) Aprobar, se procede, o orzamento de gastos e ingresos para o exercicio seguinte.

c) Aprobar, se procede, a liquidación do orzamento do exercicio anterior, e as contas de gastos e ingresos, así como a contabilidade xeral do colexio.

d) Ratificar cantos acordos adopte a Xunta Directiva, e que precisen de tal aprobación conforme os estatutos que preceden.

e) Censurar a actuación da Xunta Directiva, na súa totalidade, ou de calquera dos seus compoñentes cando procede.

f) Modificar o domicilio social do colexio, ou a súa demarcación.

g) A aprobación e reforma dos estatutos e normas deontolóxicas.

h) A elección do órgano de goberno e do seu presidente.

i) O debate e a votación da moción de censura do órgano de goberno e do seu presidente así como a súa remoción, cando cumpra.

j) Aqueloutras que se lles sometan a exame.

A moción de censura realizada pola Asemblea Xeral a que se refiren as alíneas e) e i), no referente á súa presentación, tramitación e votación rexerese polas seguintes normas:

a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número de colexiados e deberá incluír un candidato ao cargo, podendo selo calquera colexiado, cuxa aceptación expresa conste no escrito de proposición da moción.

b) O escrito en que se propoña a moción de censura deberá incluír as sinaturas debidamente autenticadas por notario ou polo secretario do colexio e deberá presentalo ante este calquera dos seus asinantes. O secretario comprobará que a moción de censura reúne os requisitos exixidos neste artigo e redactará no mesmo acto a correspondente dilixencia acreditativa.

c) O documento así dilixenciado presentarao no colexio calquera dos asinantes da moción, quedando a Asemblea Xeral automaticamente convocada para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu rexistro. O secretario deberá remitir notificación indicativa de tal circunstancia a todos os seus membros no prazo máximo dun día, contado desde a presentación do documento, para os efectos da súa asistencia á sesión, especificando a data e hora dela.

d) A Asemblea será presidida por unha mesa de idade, integrada polos colexiados de maior e menor idade dos presentes, excluídos, se é o caso, o candidato e o censurado.

e) A mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, a conceder a palabra durante un tempo breve, se estiveron presentes, ao candidato proposto, ao

censurado, e a someter a votación a moción de censura.

f) O candidato incluído na moción de censura quedará proclamado se esta prosperase co voto favorable da maioría absoluta do número de Colexiados.

g) Ningún Colexiado pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura.

h) A dimisión sobrevida do censurado non suspenderá a tramitación e a votación da moción de censura.

Artigo 35º.- *Xunta Directiva.*

Son facultades da Xunta Directiva:

a) Representar o Colexio ante os poderes públicos e organismos oficiais.

b) Realizar cantas xestións sexan precisas en beneficio dos Colexiados.

c) Promover todos aqueles temas e cuestións que se consideren necesarios en beneficio da clase Odontostomatolóxica.

d) Prestar a cooperación necesaria ás administracións públicas en xeral, sexan central, autonómica ou locais.

e) Informar, como peritos, en cantos temas sexa requirida.

f) Prestar colaboración ás autoridades administrativas, académicas, en xeral, en cantas cuestións interesen á profesión.

g) Representar ante a Facenda Pública estatal ou autonómica, o colectivo profesional que encadra.

h) Exixir o cumprimento das normas relativas ao exercicio profesional conforme o establecido nas leis e nestes estatutos, ou as que puidesen ditar as autoridades competentes.

i) Velar pola boa actuación dos Colexiados no exercicio da profesión, exixindo o cumprimento das normas relativas á deontoloxía profesional.

j) Impoñer aos Colexiados, se a iso houber lugar, as correccións disciplinarias que se establecen nestes estatutos, dando conta, cando for mester, ás autoridades competentes, das condutas que poidan ser constitutivas de delito, ou constitúen un risco para a saúde dentaria.

k) Inspeccionar, a teor do establecido nestes estatutos, as clínicas dentais dos Colexiados, previamente á súa apertura, emitindo informe favorable ou desfavorable nas solicitudes realizadas ás autoridades sanitarias.

l) Denunciar ante as autoridades sanitarias, xudiciais, e gubernativas en xeral, aqueles establecementos onde se practique a Odontostomatoloxía sen reunir as condicións establecidas nestes estatutos, ou nas disposicións vixentes, aqueles que estean rexentados por persoas non profesionais, ou por titulados que non estean Colexiados, comparecendo nos

procedementos en trámite e instando o que, en dereito, proceda.

m) Perseguir o intrusismo profesional en calquera das súas formas, utilizando para tales efectos as accións legais pertinentes, ante as autoridades xudiciais, sanitarias e gubernativas en xeral.

n) Instruír os correspondentes expedientes disciplinarios, conforme o procedemento que se establece nestes estatutos, para perseguir as infraccións referidas máis adiante.

o) Dirimir e/ou resolver conflitos e/ou discrepancias entre Colexiados, entre estes e os seus pacientes, ou entre estes e as diferentes administracións, empresas ou compañías coas que teñan subscrito contratos.

p) Declarar logo de exame médico pertinente e as demais probas que se consideren, a incapacidade dun Colexiado para o exercicio profesional, cando se mostren evidentes alteracións que así o aconsellen.

q) Confeccionar os baremos de honorarios que deberán ser aplicados como baremos orientadores de honorarios, ao efecto de que poidan ser tidos en conta na actuación ética de cada Colexiado.

r) Estudar a regulación das relacións contractuais de toda clase entre os profesionais e os seus clientes, emitindo informe sobre a súa procedencia e actuando de mediadores para a resolución amigable dos conflitos que puidesen suscitarse.

s) Defender os Colexiados, ata xudicialmente, naquelas situacións en que resultaren prexudicados, perseguidos ou vexados no seu exercicio profesional, xa sexa persoas individuais, públicas, ou organismos públicos.

t) Cursar todos os escritos dirixidos a calquera organismo polos Colexiados, apoiándoos cun informe puntual, cando así for procedente.

u) Promover o sentido corporativo en favor de toda obra de cooperación que poida contribuír ao benestar individual ou colectivo da clase profesional.

v) Resolver todos os expedientes que se sometan.

x) Convocar a Asemblea Xeral.

y) Calquera outra que se considere procedente e axustada ás competencias do Colexio.

Artigo 36º.- *Comisión Permanente.*

Son facultades da Comisión Permanente:

a) Desenvolver cantas competencias correspondan á Xunta Directiva e lle sexan encomendadas, resolvendo as incidencias que xorden.

b) Propoñer canto proceder ao Pleno da Xunta Directiva, e á Asemblea Xeral.

c) Propoñer á Asemblea Xeral premios ou distincións honoríficas para aqueles profesionais que se fixesen acredores diso.

d) Realizar aquelas actividades que encomende o Pleno da Xunta Directiva, ou a Asemblea Xeral.

e) Promover cantas actuacións, cursos, ou edicións de toda clase, que conveñan á profesión odontostomatolóxica na demarcación.

f) Manter os servizos de asesoramento xurídico e fiscal da Xunta Directiva que se coiden necesarios.

g) Prestar o asesoramento aos colexiados que se acorde en Asemblea Xeral.

h) Redactar os orzamentos que, aprobados previamente polo Pleno da Xunta Directiva, se someterán á aprobación da Asemblea Xeral.

i) Igualmente, e na mesma forma, confeccionar a liquidación do orzamento do ano anterior e as contas de gastos e ingresos, así como a contabilidade xeral do colexio.

j) Propoñer á aprobación do Pleno de Directiva, para ser elevado á Asemblea os investimentos e disposicións do patrimonio que se consideren procedentes.

k) Establecer a contía das cotas tanto ordinarias como extraordinarias, que deben aboar os colexiados, así como as demais cargas que se consideren procedentes, as cales se someterán ao Pleno da Xunta Directiva, previamente a sometelas, cando sexa previo á Asemblea Xeral.

l) Establecer as tarifas ou cotas por emisión de certificados, impresos, receitas, formularios, informes, e cantos labores realice o colexiado.

m) Propoñer ao Pleno da Xunta Directiva, as modificacións dos regulamentos vixentes no colexio e destes estatutos que se consideren pertinentes, para o seu sometemento á aprobación da Asemblea Xeral, cando for necesaria.

Artigo 37º.-*Presidente.*

Corresponde ao presidente:

a) Facer cumprir os preceptos destes estatutos, e cantos acordos adopte a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

b) Desempeñar para todos os efectos a representación legal do colexio, comparecendo no seu nome en todos os organismos de tipo administrativo, xudicial e de calquera orde, estando facultado, sen necesidade de ningún outro acordo, para designar avogados e procuradores que representen e defendan os intereses do colexio e dos colexiados.

c) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, tanto en Pleno como en Comisión Permanente, sexan sesións ordinarias ou extraordinarias, subscribindo a acta correspondente.

d) Autorizar os informes, convocatorias e comunicacións que se dirixan aos colexiados, e a todas as autoridades, corporacións ou persoas particulares ou xurídicas.

e) Autorizar, co tesoureiro, as contas bancarias do colexio, as imposicións e os talóns, cheques ou reintegros que dela se fagan.

f) Visar todas as certificacións e escritos expedidos pola secretaría do colexio.

g) Autorizar, xuntamente co tesoureiro, os libramentos e ordes de pagamento, así como os libros de contabilidade.

h) Nomear as seccións acordadas polo Pleno da Xunta Directiva e as persoas que se nomeen para formar parte delas.

Artigo 38º.-*Vicepresidente.*

Corresponde ao vicepresidente asistir e substituír en casos de ausencia, enfermidade ou falecemento o presidente, desempeñando cantas funcións lle confiara este, de acordo coas súas competencias.

Artigo 39º.-*Secretario.*

Corresponde ao secretario:

a) Redactar e remitir as convocatorias para as distintas reunións dos órganos do colexio.

b) Redactar as actas de todas as reunións, da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, en Comisión Permanente ou en Pleno, ordenando a súa transcripción ao libro correspondente, unha vez aprobada, co visto e prace do presidente.

c) Custodiar e levar os libros e arquivos, rexistros, ficheiros e expedientes do colexio e dos colexiados e as sociedades profesionais (Lei 2/2007, do 15 de marzo) inscritas neste colexio.

d) Custodiar e coidar os rexistros de alta e baixa dos colexiados e as sociedades profesionais (Lei 2/2007, do 15 de marzo).

e) Custodiar e coidar da anotación do rexistro nos libros de entradas e saídas de todo tipo de oficios, comunicacións e escritos.

f) Asinar co presidente os escritos que emanen dos distintos órganos do colexio.

g) Expedir, co visto e prace do presidente, as certificacións que sexan procedentes, coidando do aboamento da taxa correspondente.

h) Confeccionar a memoria das actividades dos distintos órganos do colexio, en cada exercicio, léndoa ante a Asemblea Xeral.

i) Organizar e dirixir as oficinas do colexio, de acordo cos seus estatutos, sendo responsable da súa marcha e do persoal.

j) Todas as demais que lle asigne a Xunta Directiva.

Artigo 40º.-*Tesoureiro-contador.*

Corresponde ao tesoureiro-contador:

a) Levar, autorizar os libros de ingresos e gastos, e, en xeral, de contabilidade do colexio, co visto e prace do presidente.

b) Autorizar e ordenar cantos pagamentos deba realizar o colexio, co referendo do presidente.

c) Expedir toda clase de recibos, cotas, taxas e demais que deban de ser aboados ao colexio.

d) Preparar os orzamentos para cada exercicio anual e a liquidación do orzamento do exercicio anterior e as contas de gastos e ingresos anuais, dando conta delas á Asemblea Xeral.

e) Confeccionar o inventario de mobles, enxoval e efectos do colexio, dando conta diso á Xunta Directiva.

f) Dirixir toda a contabilidade do colexio coa aprobación da Xunta Directiva.

Artigo 41º.-*Vogais.*

Corresponde aos vogais, ademais das substitucións indicadas, desempeñar todas as comisións, actividades ou cometidos que lle sexan sinalados pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, ou o presidente, informándoos do seu resultado.

TÍTULO V

SOBRE O EXERCICIO PROFESIONAL

CAPÍTULO I

DA PROFESIÓN

Artigo 42º.-*Colexición.*

Será requisito indispensable e previo para o exercicio da profesión odontoestomatolóxica, dentro do ámbito da demarcación deste colexio, a inscrición como colexiado, sen prexuízo da aplicación do disposto na modificación do artigo 3 punto 2º da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, que di literalmente que cando unha profesión se organice por colexios territoriais bastará a incorporación a un só deles que será o domicilio profesional único ou principal para exercer en todo o territorio do Estado.

A solicitude de primeira colexiación efectuarase mediante instancia dirixida ao presidente do colexio, e irá acompañada de:

a) Declaración xurada de coñecemento dos estatutos do colexio, os do Consello Xeral, Autonómico e o código deontolóxico vixente, comprometéndose ao seu cumprimento.

b) Comunicación do lugar en que efectuará o seu exercicio profesional.

c) Solicitude de inspección e autorización para a apertura da clínica profesional, se for propia.

d) Título profesional en orixinal ou fotocopia autenticada del.

e) Tres fotografías tamaño carné.

f) Impreso de solicitude de ingreso nas seccións colexiais ou institucións que sexan de obrigada permanencia.

g) Solicitude de alta no imposto de actividades económicas.

h) As coberturas que a Xunta Directiva sinala como obrigatorias.

i) Calquera outro impreso que teña establecido o colexio, por acordo de Xunta de Goberno, aprobado pola Asemblea Xeral.

Se procede doutro colexio pertencente á Comunidade Europea, bastará certificación acreditativa da baixa nel, como exercente, e de non ser sometido a expediente sancionador ningún, tendo cumpridos todos os seus deberes socioprofesionais e atendido as cargas económicas que teñan establecidas.

Exceptúase da obriga de cobertura para responsabilidade civil a terceiros, recollida entre as sinaladas na alínea h) anterior, aqueles solicitantes de colexiación ou habilitación neste colexio que, tendo a condición de non residentes acrediten tela subscrita no seu colexio de orixe ou residencia.

Os que obteñan a habilitación para exercer a odontoestomatoloxía na demarcación deste colexio, someteranse aos requisitos dos puntos anteriores, e presentarán a documentación establecida polo acordo do Consello Xeral. A habilitación concederase para actuacións e tempos concretos que non se entenderán, en ningún caso, prorrogados.

No entanto o disposto neste artigo e de acordo co establecido no artigo 3 da Lei 11/2001, os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio de funcións simplemente administrativas nin para a realización de actividades propias da profesión por conta da administración a que pertencen, naqueles casos en que o destinatario inmediato daquelas sexa a dita administración.

Artigo 43º.-*Sobre a admisión.*

A Xunta Directiva, no prazo máximo de trinta días hábiles desde a solicitude de colexiación, resolverá, comunicándollo ao interesado, quen no prazo de dez días poderá interpoñer os recursos establecidos nestes estatutos.

Unha vez admitida a colexiación, expedirase a correspondente tarxeta de identidade e o título acreditativo de pertenza ao colexio.

A solicitude de calquera documento que se considere necesario para completar o expediente de solicitude, suspenderá o prazo para resolver, que se reiniciará unha vez que sexa cumprido o requirimento, o que deberá facerse nos 15 días seguintes a se lle ter solicitado ao petionario. Transcorrido o prazo, declararase caducada a solicitude.

Artigo 44º.-*Sobre a baixa.*

Perderase a condición de colexiado nos supostos de:

a) Deixar de satisfacer dentro dos prazos sinalados as cotas ordinarias, ou extraordinarias acordadas, así como outras cargas colexiais a que estiver obri-

gado o colexiado, todas elas cun mínimo dunha anualidade.

b) A condena firme ditada por autoridade xudicial que leve consigo a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

c) A expulsión do colexio acordada en expediente disciplinario, conforme os trámites que se sinalan nos artigos 73 e seguintes destes estatutos.

d) A baixa voluntaria.

e) Polo falecemento do colexiado.

Artigo 45º.-*Peche da clínica.*

A perda da condición de colexiado levará consigo o peche inmediato da clínica, e o cesamento de toda actividade profesional nela nos supostos de exercicio en clínica propia e individual. O colexio adoptará as medidas pertinentes en tal sentido adoptando as medidas convenientes para a atención dos pacientes e os dereitos dos herdeiros, se é o caso.

Artigo 46º.-*Tipos de colexiación.*

Os colexiados terán a condición de:

a) Numerarios, que poderán colexiarse como en exercicio ou sen exercicio.

b) De honra.

c) Sociedades profesionais (Lei 2/2007, do 15 de marzo).

Serán colexiados con exercicio cantos profesionais se dediquen á odontoestomatoloxía exercéndoa con pacientes.

Serán considerados sen exercicio quen desexando pertencer ao colexio, non exerzan a profesión con pacientes.

Consideraranse de honra aquelas persoas profesionais ou non, que polo seu labor relevante e meritorio desde o punto de vista colexial, científico ou profesional, en relación coa odontoestomatoloxía, así o acorde a Asemblea Xeral, por proposta da Xunta Directiva.

Os colexiados numerarios exercentes, terán a consideración de residentes cando teñan o seu domicilio e a consulta principal aberta ao público diariamente dentro da demarcación deste colexio, e non residentes, se a teñen noutra demarcación.

Constitúen as sociedades profesionais (Lei 2/2007, do 15 de marzo) aquelas accións constituídas en calquera das formas admitidas en dereito, mesmo sociedades mercantís, que cumpran coas normas que, respecto diso, contén este estatuto e subsidiariamente, as do Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España. As incompatibilidades e prohibicións que afecten un membro dunha sociedade profesional ou consulta colectiva, afectarán por igual a todos os colexiados que constitúen a sociedade ou se integren na consulta, salvo exclusión do socio inhabilitado ou incompatible nos

termos que se establecen no artigo 14 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

CAPÍTULO II

DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS

Artigo 47º.-*Dereitos dos colexiados.*

Os colexiados na súa condición de tales, terán dereito a:

a) Ser defendidos polo colexio, cando sexan vexados ou perseguidos no exercicio profesional.

b) Obter o asesoramento de calquera tipo, que teña acordado a Asemblea Xeral.

c) Gozar da condición de colexiado, con todos os dereitos dimanantes dela.

d) Elixir e ser elixidos para os cargos da Xunta Directiva ou para seccións que se creen.

Artigo 48º.-*Deberes dos colexiados.*

Os colexiados veñen obrigados a:

a) Cumprir todas as obrigas dimanantes destes estatutos, dos do Consello Xeral, o Autonómico, e cantos afecten a odontoestomatoloxía.

b) Cumprir todas as cotas ordinarias ou extraordinarias, e cantas exaccións acorde o colexio a través dos seus órganos competentes.

c) Comparecer ante a Xunta Directiva, sempre que fose requirido por iso.

d) Domiciliar os pagamentos acordados pola Xunta Directiva e Asemblea Xeral.

e) Adaptar os anuncios, emblemas e publicidade ás normas aprobadas polo colexio, ou polo Consello Xeral ou o Autonómico.

CAPÍTULO III

SOBRE AS CONSULTAS

Artigo 49º.-*Clínicas.*

O exercicio profesional por conta propia efectuara-se nun consultorio ou clínica dental, que estará instalado nun local pechado, que reúna as condicións que se sinalan no Regulamento sobre apertura de clínicas deste colexio e as normas relativas a elas ditadas pola Administración central e autonómica.

Artigo 50º.-*Anuncio de clínica.*

Toda clínica dental deberá ter, na porta de entrada ao local, un rótulo de cincocentos centímetros cadrados como máximo, en que conste, nome e apelidos do colexiado, e o seu número de colexiación, coa titulación de que dispoña, ademais de figurar a lenda «clínica dental» ou outra similar aceptada pola Xunta Directiva.

Non poderán colocarse rótulos en fiestras, balcóns ou fachadas.

A publicidade xeral axustarase ao Regulamento sobre publicidade aprobado polo Consello Xeral de

Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España.

Constitúe falta grave a publicidade non autorizada polo colexio, ou que non se axuste ao Regulamento citado no punto anterior.

No interior da clínica e na súa sala de espera, deberá figurar o título orixinal ou fotocopia autenticada del, e o acreditativo da colexiación co certificado de inspección para apertura da clínica.

Artigo 51º.-*Ficheiro.*

En cada clínica dental deberá existir un arquivo en que figure unha ficha por cada paciente tratado nela.

Na ficha indícaranse, como mínimo, os seguintes datos, nome e apelidos do paciente, enderezo e teléfono, características e antecedentes médicos especiais do paciente, diagnóstico previo, plan de tratamento, data das visitas efectuadas con indicación do traballo efectuado e honorarios percibidos.

Existirá un expediente en que conste todo o historial clínico do paciente.

Artigo 52º.-*Ficheiro profesional.*

No suposto de traspaso da clínica dental a outro colexiado, faráselle entrega a este do ficheiro e expedientes médicos que posúa o transmitente.

Cando se peche unha clínica dental, o colexio conservará o ficheiro durante un período mínimo de cinco anos, podendo entregalo a calquera profesional colexiado mediante resolución motivada que se ditará en expediente que se iniciará por instancia do colexiado que así o solicite, ou acordo da Xunta Directiva, e do que se dará conta a todos os colexiados co fin de que poidan formular dentro dos 15 días seguintes as alegacións que coiden oportunas.

Artigo 53º.-*Apertura de clínica.*

A apertura da clínica dental precisará dun informe previo do colexio sobre a concorrencia dos requisitos precisos para a súa apertura, dando conta do informe ao concello e á delegación de Sanidade do resultado da visita.

Artigo 54º.-*Ausencia do titular.*

En caso de ausencia do colexiado, a clínica permanecerá pechada, salvo que un profesional colexiado quede á súa fronte, debendo comunicarse a circunstancia en todo caso ao colexio.

Artigo 55º.-*Traspaso de clínica.*

O colexiado, ou os seus herdeiros cando faleza este, terán dereito a traspasar a súa clínica dental a outro profesional colexiado, traspaso que deberán comunicar ao colexio para efectos informativos.

Artigo 56º.-*Inspeccións de clínicas.*

A Xunta Directiva poderá acordar posteriores inspeccións das clínicas dentais abertas ao público, cando o coide necesario, ou exista constancia ou

indicios de incumprimento das normas destes estatutos, a comisión de calquera falta contra a deontoloxía profesional, ou se reciba calquera denuncia de feitos perseguibles.

A Xunta Directiva determinará as persoas e a forma en que a inspección se realizará.

Do seu resultado darán conta á Xunta Directiva que, en Pleno, resolverá o pertinente.

Constitúe falta grave non permitir o acceso e a inspección mencionada neste artigo.

Artigo 57º.-*Orzamento.*

Todo paciente recibirá do profesional un orzamento detallado do importe do tratamento con especificacións concretas, así como a forma de pagamento que se acorde. Expedirase por duplicado que asinarán ambas as partes, sendo un exemplar para cada unha delas.

Realizado o pagamento, expedirase o correspondente recibo de liquidación.

TÍTULO VI

SOBRE A DEONTOLOXÍA PROFESIONAL E RESPONSABILIDADE

CAPÍTULO I

NORMAS DEONTOLÓXICAS

Artigo 58º.-*Actuación profesional.*

Soamente os colexiados están autorizados para realizar intervencións odontoestomatolóxicas na boca do paciente, cirúrxicas, protésicas ou de calquera outra índole. Incorrerá en falta moi grave quen autorice tales intervencións a persoas que non estean adscritas ao noso colexio.

Artigo 59º.-*Persoal auxiliar.*

O persoal auxiliar da clínica dental poderá desenvolver funcións simplemente complementarias e auxiliares da do seu principal, e, en todo caso, sempre en presenza do colexiado e baixo a súa atenta inspección e vixilancia.

Incorrerá en falta leve o colexiado que descoide a vixilancia e control do persoal auxiliar.

Artigo 60º.-*Segredo profesional e hixiene.*

O colexiado garantirá o segredo profesional de cantas intervencións realice cos seus pacientes, a máxima hixiene tanto propia como de todo o persoal auxiliar, incluíndo a limpeza e hixiene do local e das pezas de vestir apropiadas que se utilicen.

Constitúe falta moi grave a inobservancia desta obriga.

Artigo 61º.-*Tratamento.*

Todo profesional deberá procurar a saúde dental do paciente, coidando en canto sexa posible facer unha odontoloxía conservadora, absténdose de efectuar extraccións innecesarias ou perigosas, e informando adecuadamente o paciente, sempre que lle

sexa solicitado e o considere conveniente. Non coirdar a saúde dentaria e non desenvolver unha clínica conservadora constitúe falta moi grave.

Artigo 62º.-Liberdade no exercicio profesional.

O colexiado, tanto cando traballe por conta propia como cando o faga por conta allea, deberá actuar con absoluta independencia e responsabilidade, defendendo a liberdade de prescrición e tratamento, rexeitando ou denunciando, se a iso houber lugar, todo tipo de intromisión ou presión, sexa dos pacientes, sexa dos propietarios das clínicas, ou de calquera outra persoa, entidade ou aseguradora. Constitúe falta moi grave a inobservancia deste precepto.

Artigo 63º.-Diagnóstico.

O paciente terá dereito a recibir do profesional un diagnóstico previo do seu estado bucal, con detallado informe das operacións que se pretenden realizar, así como o orzamento do tratamento con especificacións concretas da forma de pagamento que se acorde, asinando o correspondente contrato por duplicado ambas as partes, sendo un exemplar para cada un deles. A infracción tipifícase como falta moi grave.

Artigo 64º.-Recibo de pagamento.

Cada profesional expedirá recibo das cantidades que lle fosen aboadas, sen outros cargos que os legalmente autorizados. A omisión considérase falta grave.

Artigo 65º.-Responsable de clínica.

Nas clínicas en que traballen varios profesionais, figurará un deles como o director e responsable oficial dela, en todas as ordes, sen prexuízo do que concretamente corresponda a cada un dos profesionais adscritos á clínica.

CAPÍTULO II

RESPONSABILIDADE DOS COLEXIADOS

Artigo 66º.-Responsabilidade en xeral.

Os colexiados incorrerán en responsabilidade civil, penal ou administrativa, nos termos establecidos nas leis, como consecuencia da súa actuación profesional.

Os despachos colectivos estarán igualmente sometidos á disciplina do colexio nos mesmos termos que os colexiados individuais segundo se establece nestes estatutos, afectando a asociación e a todos os membros da consulta colectiva a apertura de expediente, a sanción ou a prohibición que afecte calquera dos seus membros ou compoñentes.

Artigo 67º.-Arbitraxe.

O colexio actuará como mediador e ditará o laudo resolvendo, cando así o solicitaren, as discrepancias xurdidas entre colexiados, ou estes e os pacientes, ou eles e calquera compañía, entidade ou corporación, sempre que ambas as partes o acepten.

Artigo 68º.-Responsabilidade colexial.

O colexio poderá exercer as accións que a lei lle recoñeza contra calquera colexiado, e asumirá aquelas responsabilidades que con respecto aos colexiados tiver adquirido.

Artigo 69º.-Responsabilidades do colexiado.

Sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas mencionadas, os colexiados que incumpran as normas deontolóxicas, ou os deberes, obrigas ou prohibicións establecidos nestes estatutos, poderán incorrer en responsabilidades disciplinarias, que serán sancionadas pola Xunta Directiva.

Artigo 70º.-Infraccións.

As faltas en que poden incorrer os colexiados clasifícanse en moi graves, graves ou leves.

1. Son faltas moi graves:

- a) As que se sinalaron como tales nestes estatutos.
- b) Aqueles feitos que afecten gravemente o prestixio da profesión e o dos colexiados.
- c) Incorrer en tres faltas graves sancionadas no expediente correspondente.
- d) Calquera tipo de enfrontamento coa Xunta Directiva ou cos colexiados. Entenderase como enfrontamento a postura intransixente e insultante reiterativa que impide o normal desenvolvemento dunha reunión ou actividade colexial.
- e) A falta de respecto e consideración aos membros da Xunta Directiva ou do Consello Xeral ou do Consello Galego nas súas funcións, ou calquera postura ou manifestación que supoña demérito, inxuria ou menoscabo ao colexio, ao Consello Xeral, ou ao Consello Galego.
- f) A infracción grave de calquera prohibición ou limitación establecida nestes estatutos ou nos do Consello Xeral.

2. Serán faltas graves:

- a) As que como tales estean cualificadas nestes estatutos.
- b) A comisión de tres faltas leves sancionadas conforme se establece nestes estatutos.
- c) Calquera incumprimento ou infracción ao perpetuado nestes estatutos que non revistan notoria gravidade.
- d) A desobediencia ou incumprimento de calquera orde emitida pola Xunta Directiva ou a falta de consideración ou respecto persoal a calquera colexiado.
- e) Calquera outra de igual tipoloxía e análoga gravidade a xuízo da Xunta Directiva atendidas as circunstancias de cada caso.

3. Serán faltas leves todas as non incluídas nos dous puntos anteriores.

Artigo 71º.-Sancións.

As faltas establecidas no artigo anterior, terán as seguintes sancións:

a) Para as faltas leves poderanse impoñer as sancións de:

a.1. Amoestación verbal privada, que será imposta polo presidente.

a.2. Amoestación por escrito, que subscribirá o presidente.

a.3. Amoestación pola Xunta Directiva.

b) Ás faltas graves poderán aplicarse como sancións as que seguen:

b.1. Amoestación pública ante a Asemblea Xeral.

b.2. Imposición de multa de 100 a 250 euros.

b.3. Amoestación pública e imposición de multa en igual cantidade.

b.4. Suspensión no exercicio profesional durante o prazo dun mes, e multa de 300 a 600 euros.

c) Ás faltas moi graves poderán impoñerse algunhas destas penas:

c.1. Suspensión no exercicio profesional polo período dun mes e un día a seis meses, e multa de 300 a 600 euros.

c.2. Suspensión no exercicio profesional polo prazo de seis meses e un día a dous anos e multa de 900 a 1.200 euros.

c.3. Suspensión do exercicio profesional de dous anos e un día a cinco anos e multa de 1.200 a 3.600 euros.

c.4. Expulsión e baixa no colexio.

d) A imposición das sancións anteriores, salvo a c.4, levará aparellada a obriga de emendar ou corrixir os defectos ou irregularidades observadas, rectificando as situacións ou condutas improcedentes, executando, en definitiva, o acordo que adopte a Xunta Directiva como consecuencia dos feitos denunciados e comprobados no expediente.

As penas serán determinadas dentro de cada categoría, en atención á gravidade do feito e á conduta do colexiado.

Artigo 72º.-Depuración dos feitos denunciados.

As faltas leves poderán sancionarse pola Xunta de Goberno sen necesidade de expediente contradictorio, coa simple información previa realizada pola Comisión Permanente, logo de audiencia do colexiado para que no prazo improrrogable de dez días poida formular as alegacións que considere pertinentes.

Para a imposición de sancións en faltas graves ou moi graves, será necesaria a incoación de expediente:

Artigo 73º.-Expediente sancionador.

O expediente iniciárase de oficio, mediante acordo da Xunta Directiva, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de petición razoada doutros órganos ou denuncia. No acordo designarase xuíz instrutor e secretario do mesmo nomeados entre os colexiados que forman parte da Xunta Directiva, de acordo co seguinte procedemento:

a) Designados xuíz e secretario, comunicaranse ao colexiado incurso no expediente para que, no prazo de oito días, poida alegar calquera circunstancia de recusación deles. A Xunta Directiva resolverá a petición.

b) Firme a designación de xuíz e secretario, comunicárelles o acordo da Xunta Directiva, con remisión da investigación previa realizada pola Comisión Permanente da Xunta Directiva.

c) Recibida a comunicación, o xuíz ordenará a apertura do expediente, colocando os nomeamentos como cabeza del, e citará inmediatamente a declarar o expedientado, comunicando esta infracción que motiva o expediente, indicando o dereito a designar avogado que defenda os seus intereses, do que poderá estar asistido en todas as súas comparecencias. Este, nos oito días seguintes á súa declaración, ou no momento desta, poderá presentar cantas probas testificais, documentais ou de calquera orde, das cales se pretende valer.

d) O xuíz nos cinco días seguintes admitirá a proba que considere pertinente, rexeitando a restante, comunicando o acordo ao expedientado, quen poderá interpoñer contra o acordo recurso nos termos establecidos nos artigos 79º e seguintes destes estatutos.

e) Practicada a proba acordada polo xuíz, dentro do prazo máximo de vinte días, con intervención do expedientado e os denunciados, aos cales se fará saber da súa práctica indicando a data e o lugar, se procedese para os efectos oportunos.

f) Practicada a proba, o xuíz instrutor formulará prego de cargos, que comunicará ao expedientado para que este, nos oito días seguintes improrrogables, formule as súas alegacións contra aquel.

g) Formuladas as alegacións, ou transcorrido o prazo sen facelas, o xuíz instrutor elevará á Xunta Directiva proposta de resolución. De non atopar probas suficientes das supostas infraccións perseguidas, propoñerá o sobreseimento das actuacións e arquivo das dilixencias.

h) Recibida a proposta de resolución, a Xunta Directiva, da que non formarán parte para esta decisión os designados como xuíz instrutor e secretario do expediente, en Pleno resolverá nos cinco días seguintes, comunicando o acordo ao expedientado e

ao denunciante, se o houber, que poderán interpoñer contra ela os recursos establecidos nestes estatutos nos artigos 87º e seguintes.

i) Corresponderá á Xunta Directiva a execución das sancións impostas.

Artigo 74º.-*Extinción de responsabilidade.*

A responsabilidade colexial extinguirase:

a) Por morte do inculpado.

b) Por prescrición da sanción imposta.

c) Por prescrición da infracción.

d) Por indulto acordado en Asemblea Xeral por proposta do Pleno da Xunta Directiva.

Artigo 75º.-*Prescrición das infraccións e as sancións.*

As faltas leves prescribirán aos dous meses; as graves ao ano, e as moi graves aos dous anos, contados desde o coñecemento da suposta infracción pola Xunta Directiva.

As sancións prescribirán polo transcurso de igual prazo sen o seu cumprimento.

O prazo de prescrición interromperase por calquera comunicación relativa ao expediente ou á infracción dirixida ao colexiado.

Artigo 76º.-*Notificación das sancións.*

Todas as sancións impostas serán comunicadas ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de España, para que este os traslade aos demais colexios do Estado español.

A resolución que se dite con referencia ao expediente farase constar no expediente individual de cada colexiado.

Artigo 77º.-*Rehabilitación.*

Polo transcurso de igual prazo que o establecido para a prescrición, sen ter incorrido en ningunha outra infracción, o sancionado será rehabilitado de oficio, facéndoo así constar no seu expediente.

No caso da expulsión do colexio, o colexiado soamente poderá solicitar de novo a súa colexiación, unha vez transcorridos cinco anos da sanción.

Artigo 78º.-*Responsabilidade da Xunta Directiva.*

Os membros da Xunta Directiva poderán incorrer nas mesmas responsabilidades que o resto dos colexiados. Se se seguise expediente contra un membro da Xunta Directiva, deberá ser suspendido no seu cargo, inmediatamente que a Xunta Directiva acorde a incoación do expediente.

TÍTULO VII

RÉXIME XURÍDICO, ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO DO COLEXIO.

CAPÍTULO I

PROCEDEMENTO

Artigo 79º.-*Procedemento.*

A impugnación de actos emanados de calquera órgano colexial axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 80º.-*Recursos.*

Contra os actos suxeitos ao dereito administrativo emanados da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo caberá recurso de alzada ante o Consello Galego de Odontólogos e Estomatólogos. O recurso poderá interpoñerse ante o órgano de que emanou o acto ou ante o órgano competente para resolvelo.

Igualmente contra os actos suxeitos ao dereito administrativo emanados do presidente do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo caberá recurso de reposición ante o devandito órgano, que deberá interpoñerse no prazo dun mes contado desde a notificación ou publicación do acto contra o que se pretenda recorrer. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes, transcorrido o cal sen que exista resolución expresa deberá entenderse desestimado por silencio administrativo.

Artigo 81º.-*Requisitos dos actos.*

Todos os actos que afecten individualmente algún colexiado, e cantos acordos e resolucións dite calquera órgano do colexio, serán motivados e notificados por escrito aos interesados. A notificación fará constar os recursos que contra ela procedan e o prazo hábil para iso.

CAPÍTULO II

RÉXIME ECONÓMICO DO COLEXIO

Artigo 82º.-*Aprobación de orzamento.*

A Asemblea Xeral de Colexiados aprobará os orzamentos anuais da entidade para o exercicio seguinte e a liquidación do orzamento do ano anterior, sobre ingresos e gastos, na asemblea ordinaria.

Así mesmo, a Asemblea Xeral aprobará as cotas e cantas exaccións sexan necesarias para facer fronte aos gastos de Administración e cumprir os fins e funcións que competen ao colexio.

Artigo 83º.-*Preparación do orzamento.*

Os orzamentos anuais e a liquidación do exercicio anterior serán preparados, redactados e presentados polo contador-tesoureiro, co visto e praxe do presidente, e, previamente a presentarse ante a Asemblea Xeral, serán aprobados pola Xunta Directiva en Pleno.

Artigo 84º.-Contabilidade colexial.

Os libros de contabilidade, os orzamentos e todos os soportes que xustifiquen os gastos e ingresos do colexio, estarán arquivados no colexio, e baixo custodia do tesoureiro-contador.

Os colexiados poderán examinalos dentro das setenta e dúas horas anteriores á Asemblea Xeral en que se deban someter á aprobación, ou cando o solicite o 20% do censo colexial.

Cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial, dos órganos directivos, sen prexuízo da función fiscalizadora que corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso, procederase a unha auditoría externa sobre a situación colexial, que será realizada por unha empresa independente que será seleccionada logo de concurso público cuxas bases deberán ser aprobadas pola asemblea xeral e que deberá estar realizada con anterioridade á convocatoria das eleccións e á disposición de todos os colexiados.

CAPÍTULO III

RÉXIME ADMINISTRATIVO

Artigo 85º.-Do colexio.

Todo colexiado, desde o momento da súa incorporación ao colexio, recibirá o carné que o acredita como tal, co seu número colexial expedido polo secretario co visto e prace do presidente, no que figurará a sinatura do colexiado e a súa fotografía. Así mesmo, recibirá certificación de acordo de admisión.

O modelo de carné será aprobado pola Asemblea Xeral por proposta da Xunta Directiva.

Artigo 86º.-Expediente persoal.

Tamén desde o momento da súa colexiación, abriase o expediente persoal de cada colexiado, en que se farán constar a solicitude para a súa alta colexial, e a tramitación ata a súa admisión. Faranse constar nel cantas vicisitudes referentes ao colexiado vaian sucedendo durante o seu exercicio profesional.

Artigo 87º.-Talonarios de receitas, impresos e certificados.

Así mesmo, desde o momento da súa incorporación ao colexio, o colexiado terá dereito a que se lle vaian entregando talonarios de receitas odontoestomatolóxicas que aprobe e confeccione o colexio. Igualmente impresos para certificado, e o certificado de aprobación para a súa clínica dental.

TÍTULO VIII

DA DISOLUCIÓN DO COLEXIO

Artigo 88º.-Disolución.

O colexio disolverase en acordo de Asemblea Xeral, co voto favorable da totalidade dos asistentes que representen, como mínimo, os dous terzos dos colexiados.

Artigo 89º.-Liquidación do colexio.

Os bens de que dispuxer o colexio no momento da súa disolución serán destinados, logo de facerse

efectivas todas as débedas pendentes de pagamento, e todas as cargas que pesen sobre o colexio, a unha institución de carácter benéfico designada pola Asemblea Xeral, situada dentro da demarcación do colexio. A asemblea designará unha comisión, que se ocupará da disolución do colexio.

Disposición adicional

O profesional da clase odontoestomatolóxica que exerza como profesional liberal pode desempeñar a súa actividade como persoa física ou ben a través dunha sociedade profesional para o que deberá inscribirse no rexistro colexial de asociacións profesionais, en cumprimento da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

Disposición derogatoria

Quedan derogados cantos acordos adoptados polos órganos do colexio, con anterioridade á aprobación destes estatutos, se opoñan a este.

Disposición derradeira

Estes estatutos entrarán en vigor na forma establecida na orde da consellería pola que se publiquen e serán remitidos dentro dos vinte días seguintes ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de España, publicándose no taboleiro de anuncios do colexio a aprobación, con comunicación a todos os colexiados.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Resolución do 15 de abril de 2009 pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas no ano 2009, así como a apertura de trámite de audiencia a determinados interesados, ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008 pola que se convoca a selección de entidades colaboradoras para a xestión de subvencións destinadas a que os traballadores autónomos accedan á sociedade da información (procedemento administrativo IN533A, publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 4 de xullo de 2008).

Advertido erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 77, do mércores, 22 de abril de 2009, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 7.766, onde di: «Anexo I, Solicitudes suxeitas a trámite de audiencia», debe dicir: «Anexo I, Solicitudes completas»; así mesmo, na páxina 7.767, onde di: «Anexo III, Solicitudes completas», debe dicir: «Anexo III, Solicitudes suxeita a trámite de audiencia».